



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

Expediente nº 2019/E001/000005

DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO

ANTECEDENTES DE FEITO

Mediante o Decreto nº 1157/2019, do 23 de xullo, a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego efectuou a convocatoria do proceso selectivo encamiñado á elaboración dunha lista de espera de técnico de administración xeral (persoal funcionario interino) e aprobou as bases correspondentes.

A convocatoria e as súas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) nº 142, do 30/07/2019.

Advertido un erro nas bases foi corrixido a través do Decreto 1245/2019, do 14 de agosto (BOP nº 157, do 21 de agosto).

Logo de concluído o proceso selectivo foi ditado o Decreto 1693/2019, do 22 de outubro, que aprobou a lista de espera, e que nos apartados 1º e 2º da súa parte dispositiva ten a seguinte redacción:

"1º) Aprobado a seguinte lista de espera de persoal con categoría de técnico/a de administración xeral, de acordo coa seguinte proposta, que consta na acta do Tribunal cualificador de data 18/10/2019:

Nome e apelidos	DNI núm.	Puntuación total	Número de orde
María Roca Vázquez	***4609**	24,35	1
Ivón Carrodegas Rodríguez	***0299**	24,25	2

Esta lista de espera permanecerá vixente ata o 31 de decembro de 2022.

2º) Publicar a lista que antecede no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no apartado correspondente da páxina web municipal.

(...)"

Dadas as necesidades de contar con persoal desa categoría profesional para o desempeño con carácter interino do posto na modalidade de substitución transitoria do titular, ao abeiro do establecido no artigo 10.1.b) do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro (TR-LEBEP), realizouse a correspondente oferta ("chamamento") á aspirante situada en primeiro lugar (María Roca Vázquez), que foi rexeitado, telefonicamente e por escrito que tivo entrada no rexistro municipal o 23/10/2019. A causa alegada é que se atopa traballando noutro concello.

Frustrado o anterior intento, cursóuselle invitación á segunda persoa da lista -Ivón Carrodegas Rodríguez- quen a rexeitou invocando a súa condición de funcionaria interina do concello das Pontes de García Rodríguez, ocupando un posto vacante, ao tempo que solicitaba ser situada no



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

primeiro posto da lista, de ser o caso.

FUNDAMENTOS LEGAIS

A base nº 8 das que rexen a convocatoria establece unha serie de causas xustificadas para renunciar ao chamamento, e a Sra. Carrodegas Rodríguez alegou unha delas (estar prestando servizos neste concello). Porén, a causa invocada pola Sra. Roca Vázquez non é idónea, xa que non é unha das sinaladas para estar escusada de acudir ao chamamento, o que conleva o seu pase ao final da lista, a teor do sinalado no apartado A).2, en relación co apartado B) da base nº 8.

A atribución orixinaria pra ditar a presente resolución correspondelle á Alcaldía, por dispoñelo así o artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL). Porén, foi obxecto de delegación na concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego mediante o Decreto nº 993/2019, do 24 de xuño (BOP nº 121, do 28 de xuño).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Modificar a lista de espera de técnico de administración xeral aprobada pola Resolución nº 1693/2019, do 22 de outubro, nos seguintes termos:

Número de orde	Nome e apelidos	DNI
1	Ivón Carrodegas Rodríguez	***0299**
2	María Roca Vázquez	***4609**

Esta lista de espera permanecerá vixente até o 31 de decembro de 2022, sen prexuízo das eventuais modificacións que se poidan producir.

2. Publicar a lista que antecede no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no apartado correspondente da páxina web municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) . Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar dende o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-administrativo, efectuando o demandante a elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

(LRXCA).

Malia o anterior, poderán impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida á demandante polo artigo 14.1, regra segunda, da meritada Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

As Pontes de García Rodríguez

FIRMADO POR ANA MARIA PENA FURRIÑOS (FECHA: 05/11/2019 10:44:00)

(FECHA: 05/11/2019 10:12:00) , Felipe Vázquez García

Decreto N°: 1806/2019 - Fecha de decreto: 05/11/2019
Versión imprimible

CVD: ANxYjneoHz5LjT45fb+Y
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.